



PERÍODO ESPECIAL DE FORMACIÓN ACADÉMICA SEN ASISTENCIA AO CENTRO (DESDE O 16 DE MARZO DE 2020)

INSTRUCCIÓN PARA CONTINUAR COA ACTIVIDADE DOCENTE

Historia da Filosofía e Debate de 2º de Bacharelato e Valores Éticos de 4º da ESO

Ola a todas e todos,

este documento contén as primeiras instrucións para continuar coa actividade docente desde as casas xa que non podemos asistir presencialmente ao instituto. Desde os servizos públicos galegos tanto de sanidade como de educación tomouse a decisión o xoves 13 de marzo de suspender a asistencia aos centros educativos para conter a propagación do virus coñecido co nome de coronavirus pois semella ser a medida máis efectiva para deter a súa propagación.

Desde a Consellaría de educación ditáronse instrucións para que continuásemos a actividade académica por medios telemáticos polo que imos facelo desde todos os departamentos. As instrucións da Consellaría fan un fincapé especial no curso de 2º de Bacharelato pola inmediatez das probas para o acceso á universidade para que continuemos co currículo e iso é o que imos facer. O anterior non quere dicir que os demais cursos da ESO e de Bach non deban atenderse coa mesma interese. Pensade que para as medias (necesarias para becas, ciclos, premios...) tanto da ESO como de Bach teránse en conta todos os cursos ademais de que unha boa preparación nas materias do curso anterior vai facilitar o éxito no seguinte curso. Lembra que é moi importante facer un exercicio de disciplina para manter un certo hábito de traballo e estudo que facilite a volta a actividade normal.

Realizada esta breve introdución comezo a **detallar as actividades** a realizar para cada nivel:

2º BACHARELATO

HISTORIA DA FILOSOFÍA

-Materia e profesor/a: HISTORIA DA FILOSOFÍA. Pepe Cabido

-Tarefa: PROBA – EXAME DE DESCARTES E KANT

-Data e hora da clase: Luns 16 de marzo de 2020 ás 12:30h e Martes 17 de marzo de 2020 ás 13:20h. Este exercicio ocupa os dous período lectivos, o cal non significa que haxa que facelo



partido. Tedes que facelo de corrido durante 1h.30m como se fora un exame. A miña proposta é que comeceades ás 12:30h do luns 16 de marzo ata as 14:00h. O exercicio será pendurado o luns 16 de marzo ás 12:00h na aula virtual co nome 2ª proba 2ª avaliación historia da filosofía. De haber un problema técnico na aula virtual enviaría por was.

-Temporalización: 1h.30m

-Envío do exercicio realizado: o exercicio escrito debe contar co nome e o grupo de xeito claro. O envío pode ser pasándoo a formato electrónico despois de telo **feito a man** (obrigatorio, pois despois recollereino) e enviado a xcabido@gmail.com como data tope o luns 16 de marzo ás 22:00h. Se para aforrar tempo preferides non pasalo a formato electrónico podes enviar unha foto de boa calidade ao mesmo correo electrónico preferiblemente ou ao was. **Todo arquivo** que envies debe ter de inicio **o voso** primeiro apelido, nome e filosofía2. Exemplo se fora eu: **cabidopepefilosofia2**. No asunto do correo electrónico pónede **filosofia2**

-Correccións:

CUALIFICACIÓN: debido a especificidade da realización desta proba na casa, a nota do exercicio será indicada cando volvamos ao centro e individualmente explíquedes oralmente o exercicio que fixestes. Os criterios para cualificar son os mesmos dos anteriores exercicios e que tedes na WEB da CIUG

INDICACIÓNS CORRECCIÓNS PARA MELLORAR: as indicacións de erros ou formas de mellorar serán penduradas na AV nun único documento para cada exercicio co voso nome en abreviatura. Se algunha persoa prefire un procedemento máis privado que mo faga saber e envío ao seu correo electrónico.

- Envío de audio explicativo ao grupo de WAS: durante a mañá do luns 16 de marzo enviarei audio explicativo para a proba-exame cun resumo de Descartes e outro de Kant.

PD: as dúbidas que teñades podedes realizadas preferiblemente a través de correo electrónico preferiblemente ou por was se son moi urxentes.

DEBATE

-Materia e profesor/a: DEBATE. Pepe Cabido

-Tarefa: ENTREGA DE TRABALLOS que xa estaban en proceso:

1. O FUNDAMENTO FILOSÓFICO DA **DESIGUALDADE E DA IGUALDADE**.
2. DEBATE SOBRE A ACTUACIÓN DA SUPER BOWL

-Data e hora da clase: Luns 16 ás 12:30h

-Temporalización: o prazo para entrega será o domingo 22 de marzo ás 22:00h

Para o **primeiro traballo (DESIGUALDADE)** que xa deberíamos telo entregado.



Lembrede que tedes as indicacións no DRIVE e que se valora o emprego de datos e ideas do documental de M.Sanders: *A desigualdade*. Tedes que seguir o guión do DRIVE aínda que podedes introducir outros aspectos. Valoramos a pescuda de información de fontes serias e que redactedes a vosa opinión empregando o aprendido nas fontes. Lembrede o básico: portada, índice, imaxes, información, datos do documental, opinión persoal, argumentos fundamentados en estudos ou informes serios, webgrafía e bibliografía e filmografía (o documental polo menos)...

-Envío do exercicio realizado: ENVIAMOS EN FORMATO PDF A xcabido@gmail.com como data tope o MÉRCORES 18 de marzo ás 22:00h. Todo arquivo que envies debe ter de inicio o voso primeiro apelido, nome e desigualdade2. Exemplo: **cabidopepedesigualdade2**. No asunto do correo electrónico poñede só **debate2**

Para o **segundo traballo (SUPER BOWL)**

-Data e hora da clase: Luns 23 de marzo ás 12:30h

-Traballo: este exercicio é moito máis breve que o anterior. O que había que ter feito xa era a lectura dos dous artigos, extraer os argumentos de cada artigo e despois facer un comentario crítico sobre eles tomando partido por unha das posicións argumentando a túa opinión. Este traballo debe constar de:

- Portada con información pertinente
- Índice e explicación do traballo que vas facer
- Os dous artigos e o enlace ao vídeo da Súper Bowl
- Os argumentos a modo de guión ou resume (isto xa tiña qu estar feito)
- Reflexión persoal defendendo algunha das posicións e argumentando as túas opinións. Para argumentar podedes pescudar información na rede se o precisades que tamén se ía valorar.
- Webgrafía e bibliografía

-Envío do exercicio realizado: ENVIAMOS EN FORMATO PDF A xcabido@gmail.com como data tope o LUNS 23 de marzo ás 22:00h. Todo **arquivo** que envies debe ter de inicio o voso primeiro apelido, nome e superbowl2. Exemplo: **cabidopepesuperbowl2**. No asunto do correo electrónico poñede só **debate2**

-Correccións:

CUALIFICACIÓN: Os criterios para corrixir os traballos son os seguintes:

- Portada con información pertinente
- Guión-índice e explicación do traballo que imos facer
- Emprego de fontes na rede fiables
- Emprego de bibliografía
- Recollida de datos do documental e dos artigos
- Cantidade e calidade da túa análise persoal
- Uso de imaxes ou informes de fontes fiables que melloren a calidade do teu traballo
- Indicación das fontes usadas ao final e durante a realización do traballo



PONDERACIÓN PARA A NOTA:

Traballo 1 de **A desigualdade**: o 90% do peso da nota da avaliación

Traballo 2 **A polémica da Súper Bowl e o uso do corpo feminino**: o 10% do peso da nota

INDICACIÓNS CORRECCIÓNS PARA MELLORAR: as indicacións de erros ou formas de mellorar serán penduradas na AV nun único documento para cada exercicio co voso nome en abreviatura. Se algunha persoa prefire un procedemento máis privado que mo faga saber e envío ao seu correo electrónico. Se non penduro indicación quere dicir que os traballos teñen a calidade mínima.

PD: as dúbidas que teñades podedes realizadas preferiblemente a través de correo electrónico preferiblemente ou por was se son moi urxentes.

4º ESO

VALORES ÉTICOS

-Materia e profesor/a: VALORES ÉTICOS. Pepe Cabido

-Tarefa: ENTREGA DE TRABALLOS que xa estaban en proceso:

Traballo 1. A ÉTICA FORMAL KANTIANA E A SÚA APLICACIÓN AOS DILEMAS PROPOSTOS

Traballo 2. PRESENTACIÓN E POSTERIOR EXPOSICIÓN SOBRE O LIBRO E TEMA ESCOLLIDO POR CADA ALUMNA/O

-Data e hora da clase: Xoves 26 de marzo ás 09:20h. Como o xoves 19 de marzo desta semana é non lectivo só nos queda a clase do 26 de marzo

-Temporalización: o prazo para entrega será o martes 24 de marzo ás 22:00h

Para o **primeiro traballo A ÉTICA FORMAL KANTIANA E A SÚA APLICACIÓN AOS DILEMAS PROPOSTOS** que xa deberíamos telo entregado. Os que non entregastes debelos facelo xa e os que xa o fixestes debedes refacelo coas correccións que indiquei

Lembrade que tedes as indicacións no DRIVE e que se valora o traballo en función da rúbrica que din. Tedes que seguir o guión do DRIVE aínda que podedes introducir outros aspectos. Valoramos a pescuda de información de fontes serias e que redactedes a vosa opinión empregando o aprendido nas fontes. Lembrade o básico: portada, índice, imaxes, información, datos do documental, opinión persoal, argumentos fundamentados en estudos ou informes serios, webgrafía e bibliografía e



filmografía se é o caso...

-Envío do exercicio realizado: ENVIAMOS EN FORMATO PDF A xcabido@gmail.com como data tope o **martes 24 de marzo ás 22:00h**. Todo arquivo que envies debe ter de inicio o voso primeiro apelido, nome e eticakant2. Exemplo: **cabidopeeticakant2**

Para o **segundo traballo PRESENTACIÓN E POSTERIOR EXPOSICIÓN SOBRE O LIBRO E TEMA ESCOLLIDO POR CADA ALUMNA/O:**

-Data e hora da clase: Xoves 26 de marzo ás 09:20h. Como o xoves 19 de marzo desta semana é non lectivo só nos queda a clase do 26 de marzo

-Traballo: este exercicio é moito máis breve que o anterior. É unha presentación cun máximo de 20 diapositivas que logo imos a explicar nun audio de WAS. Este traballo debe de seguir o guión específico que din a cada un, mais non esquezades:

- Portada con información pertinente
- Índice e explicación do traballo que vas facer
- Datos o libro que estás a ler e a súa referencia bibliográfica.
- Webgrafía e bibliografía

-Envío do exercicio realizado: ENVIAMOS EN FORMATO PDF A xcabido@gmail.com como data tope o **martes 24 de marzo ás 22:00h**. Todo **arquivo** que envies debe ter de inicio o voso primeiro apelido, nome e nome do traballo, por exemplo ecoloxía. Exemplo se fora eu: **cabidopeecoloxía2**. No asunto do correo electrónico poñede só **valores4**

-Correccións:

CUALIFICACIÓN: Os criterios para corrixir os traballos son os seguintes:

- Portada con información pertinente
- Guión-índice e explicación do traballo que imos facer
- Emprego de fontes na rede fiables
- Emprego de bibliografía
- Recollida de datos dos libros e dos artigos das enciclopedias
- Cantidade e calidade da túa análise persoal
- Uso de imaxes ou informes de fontes fiables que melloren a calidade do teu traballo
- Indicación das fontes usadas ao final e durante a realización do traballo

PONDERACIÓN PARA A NOTA:

Traballo 1: o 60% do peso da nota da avaliación

Traballo 2: o 40% do peso da nota

INDICACIÓNS CORRECCIÓNS PARA MELLORAR: as indicacións de erros ou formas de mellorar serán penduradas na AV nun único documento para cada exercicio co voso nome en abreviatura. Se algunha persoa prefire un procedemento máis privado que mo faga saber e envío ao



seu correo electrónico. Se non penduro indicación quere dicir que os traballos teñen a calidade mínima

PD: as dúbidas que teñades podedes realizadas preferiblemente a través de correo electrónico preferiblemente ou por was se son moi urxentes.

Xosé Cabido Pérez

Departamento de Filosofía do IES Fontexería de Muros

Compostela a 15 de marzo de 2020